


INFORME DE SEGUIMIENTO DO PLAN DE PROMOCIÓN DO CENTRO

Curso 2018/19

R2 DO-0202 P1





INFORME SEGUIMIENTO DO PLAN DO PROMOCIÓN DO CENTRO 2018-2019

O principal obxectivo deste plan é a promoción dos títulos que se imparten no centro cara as matriculacións do vindeiro curso. Todas as actuacións que figuraron no Plan de Promoción do centro 2018/2019, un total de trece, cinco máis que o pasado curso, foron postas en práctica. Analicemos os resultados por obxectivos.

O obxectivo de proporcionar información e orientación ao posible alumnado de novo ingreso sobre a titulación do grao en Xeografía e Historia cumpriuse satisfactoriamente, tanto no que respecta á información da web do centro (<http://historia.webs.uvigo.es/gl/alumnado/futuro-estudantado>), como na redes sociais, neste caso iniciamos unha chamada a través de twitter (Anexo II) e as visitas realizadas pola empresa Xeitura a Centros de Secundaria de Ourense e Pontevedra (consultar Anexo I).

O obxectivo de proporcionar información e orientación ao posible alumnado de novo ingreso sobre e do PCEO en Turismo e Xeografía e Historia cumpriuse satisfactoriamente, tanto no que respecta á información das webs dos centros implicados (Historia e Ciencias Empresariais e Turismo), como a información aos medios, neste último esta oferta de título ocupaba un lugar destacado pola súa orixinalidade, xa que poucas universidades en todo o territorio español contan cun título similar.

O obxectivo de proporcionar información e orientación ao posible alumnado de novo ingreso sobre a titulación do mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural, e o mestrado interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, tamén foi acadado. No primeiro caso a través de anuncios publicitarios na prensa (Anexo III). No segundo título a promoción fora dos medios habituais do centro, como a páxina web, correu a cargo da USC por dous motivos: é a Universidade que coordina o título e o escaso orzamento asignado pola UVigo é empregado na súa totalidade en cubrir os desprazamentos do profesorado, xa que a docencia desenvólvese íntegramente en Santiago de Compostela.

O obxectivo de mostrar ao posible futuro alumnado de grao as actividades e instalacións do centro acadouse a través da organización da Xornada de Portas abertas (<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/campus-abrira-suas-portas-dia-22-marzo-celebrar-dia-mundial-auga>) organizada para todos os centros pola Vicerreitoría do campus de Ourense, coincidindo co día mundial da Auga, en consonancia co perfil específico do campus.

O obxectivo de proporcionar información actualizada ás persoas responsables dos departamentos de orientación de Secundaria sobre o Grao en Xeografía e Historia realizouse a través do correo electrónico, xa que un encontro directo non foi posible nos reiterados intentos nos cursos anteriores. O contido deste correo era informar das actividades específicas da difusión do grao e da exposición que levaba parella. Os resultados da demanda dos Centros de Secundaria que cualificamos de satisfactoria poden ser consultados no (Anexo I).

Para o obxectivo de ter unha visibilidade na sociedade, a facultade de Historia organizou no curso 2018/2019 o III Congreso Internacional da Auga: Auga, Sociedade e Territorio (<https://www.uvigo.gal/eventos/es/congreso-internacional-da-auga/presentacion/>), xunto coas abundantes xornadas, seminarios e outras actividades formativas dirixidas fundamentalmente ao alumnado do centro, pero abertas á sociedade. Todas estas accións foron publicitadas a través das redes sociais e páxina web e con cartelería e folletos informativos que levaban o logo do centro.

A maiores nese curso organizouse, como actividade do centro, unha saída de estudos-visita cultural a Portugal con actividades relacionadas co mundo da enoloxía, en consonancia coa

especialización do Campus Auga (<http://historia.webs.uvigo.es/gl/comunicacion/eventos-antiores/557-roteiro-melgaco>)

Unha actividade que concede unha importante visibilidade ao centro, o campus e a Universidade é a II Olimpíada Galega de Historia dirixida ao alumnado de 4º da ESO de toda a Comunidade Autónoma de Galicia, logrando a participación de 31 centros de toda Galicia que aportan 4 estudantes e un/unha titor/a cada un.

Neste documento inclúense os informes dos resultados das campañas de promoción do Grao en Xeografía e Historia, nas modalidades presencial e semipresencial, realizadas respectivamente polas empresas Xeitura e Nasas, onde se poden comprobar a importante difusión levada a cabo.

En canto aos resultados deste plan de promoción en cifras se concretan do xeito seguinte:

-Grao en Xeografía e Historia: Acadou o número de matrícula esixido pola Xunta de Galicia por segundo ano consecutivo, pechando a inscrición no mes de xullo.

-PCEO en Turismo e Xeografía e Historia: Acadou o número máximo (incluso 1 por riba) na primeira convocatoria de inscrición.

-Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural: o número de matrícula, por primeira vez, resultou lixeiramente inferior á oferta (17/20).

-Mestrado interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade: se ben acadou o número de prazas ofertadas (20), todas as matrículas se formalizaron pola USC, a pesar de que dúas se correspondían con estudantes que realizaron o grao en Xeografía e Historia na UVigo. Sen dúbida a desigualdade en certos aspectos formais que se aprecian neste título interuniversitario que se coordina e imparte na USC é a causa desta realidade.